

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI  
O DÍA 25 DE XUÑO DE 2009,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que a Xunta de Galicia, mediante o presente escrito, aprecia a necesidade de formular ao Goberno da Nación requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación coa Orde ESD/1062/2009, do 25 de marzo, polo que se convocan subvencións dirixidas a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de actividades para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e á compensación de desigualdades en educación durante o curso escolar 2009-2010

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cambre, para a execución da obra de renovación do colector do paseo dos Templarios, en Cambre (A Coruña), por importe de novecentos mil oitocentos cincuenta e tres euros con corenta e un céntimos (900.853,41 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ares, para a execución da obra do proxecto refundido da rede de saneamento e abastecemento de Chanteiro, en Ares (A Coruña), por importe de un millón trescentos vinte e oito mil douscentos sesenta e catro euros con setenta e seis céntimos (1.328.264,76 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda número 2 ao convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña, para financiamento da redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Coruña

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80 por cento do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de

concorrenza competitiva, das subvencións para o mobilización, dinamización e sistematización da innovación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80 por cento do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para dotacións de unidades de I+D dentro das empresas e investimentos innovadores, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración específico entre o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto solo industrial *Ampliación do Parque Industrial Acevedo 3ª fase*
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración específico entre o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, para a execución do proxecto de dotación de infraestruturas deportivas *Vestuario con bancadas en campo de adestramento "O Roxo"*
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para a execución do proxecto: "Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación en Cerceda"

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se aproba a repartición da subvención para o fomento da integración dos profesores titulares de escolas universitarias no corpo de profesores titulares de universidade

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade Pontificia de Salamanca, para o desenvolvemento dun programa de cooperación educativa para a licenciatura en psicoloxía

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo se atribúe a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo o exercicio das facultades para a execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 2010, que foron atribuídas á Comunidade Autónoma por parte do *Consejo Jacobeo*

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia da Coruña, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais destinados a persoas con discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Lugo, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais destinados a persoas con discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Ourense, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais destinados a persoas con discapacidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades prestadoras de servizos sociais da provincia de Pontevedra, para contribuír ao mantemento dos equipamentos sociais destinados a persoas con discapacidade

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural, a través do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), para a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Empresa-Universidade Gallega (FEUGA), a Cámara Oficial de Comercio e Industria de La Rioja, a Dirección Xeral de Calidade e Investigación Agroalimentaria, a Fundación Xeral da Universidade de León e da Empresa (FGULEM), a Univesidade de Castilla-La Mancha, a Unión de Cooperativistas Agrarias de Castilla-La Mancha (UCAMAN), a Agência de Desenvolvemento Regional do Alentejo, S.A. (ADRAL) a União de Associações Empresariais Uniã das Associações Empresarias da Região Norte (UERN), ao Institut Nacional de la Recherche Agronomique (NRA) e o Institut Cooperatíf du Vin (ICV), por un importe de cincuenta e un mil catrocentos cincuenta euros (51.450,00 euros), con cargo ao orzamento da Comunidade Autónoma

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural á tramitación dun expediente de gasto relativo á contratación de persoal para a prevención e extinción de incendios forestais na campaña do ano 2009, por un importe total de dous millóns oitenta mil noventa e sete euros con setenta e cinco céntimos (2.080.097,75 euros)

## A XUNTA FORMULARALLE AO GOBERNO UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ACTIVIDADES DE APOIO ESCOLAR

- *O requirimento aprobado polo Consello refírese á orde do Estado que convoca subvencións a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de actividades dirixidas á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo*

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia da Orde ESD/1062/2009, do 25 de marzo, por entender que invade as competencias da Administración autónoma galega. Nesta orde convócanse subvencións dirixidas a entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de actividades dirixidas á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e á compensación de desigualdades en educación durante o curso escolar 2009-2010.

O Goberno galego considera que a Administración central non pode esgotar toda a regulación das ditas subvención, centralizando a xestión e sen permitir a participación das comunidades autónomas. Polo tanto, considera que o Estado debe limitar a súa potestade de ditar lexislación básica, ao considerar que o seu “poder de gasto” en materia de subvencións non pode condicionar ou mediatizar o exercicio polas comunidades autónomas das súas propias competencias. Deste xeito, a Xunta de Galicia considera que a materia na cal inciden as subvencións é a educativa - competencia que lle corresponde de acordo co artigo 31 do Estatuto de autonomía- e polo tanto é ela quen ten que desenvolver e convocar as ditas axudas, logo da territorialización dos fondos de acordo con criterios obxectivos.

Así, a pesar de que as axudas están destinadas a entidades privadas sen ánimo de lucro cun ámbito de actuación estatal ou superior a unha Comunidade Autónoma - artigo segundo-, a Xunta alega que as concretas actividades que se subvencionarán teñen un ámbito moi localizado territorialmente: cada un dos centros educativos, públicos ou concertados, en que se teñen que desenvolver. A demostración disto atópase no feito de que sexa un requisito establecido pola orde que a actuación que se subvencionará se preste en colaboración co colexio e con carácter complementario a este.

O Goberno galego entende que con esta orde o Estado invade competencias da Administración galega, polo que se aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, e reserva para si o dereito de acudir ao Alto Tribunal no caso de que a resposta non satisfaga os intereses propios da Comunidade galega.

## MEDIO AMBIENTE FINANCIA A RENOVACIÓN DO COLECTOR XERAL DO PASEO DOS TEMPLARIOS E ELEVA A CASE 2 MILLÓNS DE EUROS O INVESTIMENTO URXENTE COMPROMETIDO EN XUÑO NA RÍA DO BURGO

- *Esta actuación complementará as obras de mellora de bombeo do Temple, un proxecto hidráulico que xa foi licitado o 11 de xuño polo departamento que dirixe Agustín Hernández*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o financiamento do 100 % da obra "Renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios", a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para a posta en marcha dunha actuación hidráulica no concello de Cambre. Así, o departamento dirixido por Agustín Hernández investirá máis de 900.000 euros na posta en marcha nestas obras.

Estas obras están incluídas no plan de choque presentado o pasado 17 de xuño e concibido para mellorar a calidade das augas e a situación das rías galegas naquelas zonas onde é necesario actuar con maior urxencia.

A súa inclusión no dito plan permitirá acelerar os prazos. Deste xeito, Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, licitará a obra a comezos do mes de xullo para adxudicala en setembro e iniciar a súa execución en outubro, polo que no verán de 2010 estaría rematada.

O obxectivo desta acción é substituír un colector xeral existente que presenta deficiencias no seu funcionamento, así como eliminar dous puntos de vertedura á ría do Burgo na zona do Paraugas. Deste xeito, executaranse 825 metros de colector, conectando o colector xeral de Cambre coa estación de bombeo do Temple.

Mellorarase a actual capacidade hidráulica e a nova configuración permitirá reter un certo volume de augas residuais en caso de treboadas. Por último, ampliarase a rede de saneamento para dar servizo a unhas naves na rúa da Barcala.

### O Temple

Esta actuación vén complementar outra acción aprobada polo Consello da Xunta a comezos deste mes e licitada o 11 de xuño, co obxectivo de mellorar o bombeo do Temple. Este proxecto hidráulico tamén será financiado ao 100% pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cun orzamento previsto de 893.650 euros e un prazo de execución de medio ano. Corrixirá as deficiencias detectadas no bombeo, ampliarase a súa capacidade e facilitarase o seu mantemento: un paso máis para solventar a problemática da ría do Burgo.

Con estas dúas actuacións de urxencia, que suman un importe próximo aos dous millóns de euros, eliminaranse puntos de verteduras ocasionais na ría do Burgo,

contribuíndo así á súa recuperación. Estas accións demostran o compromiso do novo Goberno coa ría do Burgo.

## MEDIO AMBIENTE REAXUSTA AS ANUALIDADES DO CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA A REDACCIÓN DO PXOM

- *O pasado 12 de xuño a entidade local presentou a documentación completa nas dependencias da Administración autonómica, para a solicitude de información previa á aprobación inicial do Plan xeral*
- *O orzamento para a redacción do plan xeral da Coruña implica un orzamento de 1,5 millóns de euros, que está cofinanciado ao 50% pola Xunta e o Concello*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura da addenda número 2 relativa ao convenio de colaboración entre a Administración galega e o Concello da Coruña, para o financiamento da redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana da cidade herculina.

A través desta addenda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas reaxusta as anualidades do convenio co Concello da Coruña para levar a cabo todas as fases necesarias para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Así, o concello dirixido por Javier Losada recibirá unha subvención plurianual que ascende a 487.000 euros: un total 225.000 euros ao longo do presente ano e 262.500 euros en 2010. Previamente, foron aboados 75.000 euros en 2007 e 187.000 o pasado ano.

O departamento que dirixe Agustín Hernández fará efectiva a cantidade correspondente a este ano despois de que a Administración autonómica emita o informe previo relativo á aprobación inicial deste plan urbano. Cómpre sinalar que o pasado 12 de xuño, o Concello da Coruña presentou perante as dependencias da Xunta de Galicia a documentación necesaria para que a Administración proceda á aprobación inicial do plan urbanístico, unha vez corrixidas as deficiencias observadas na remitida inicialmente polo concello o pasado 25 de maio.

Por outra banda, ao longo de 2010, o PXOM de Coruña deberá avanzar nas últimas dúas fases: a aprobación provisional e a remisión á CMATI para a aprobación definitiva, xunto co informe de alegacións, e do documento refundido total, é dicir, o documento que defina o Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña. Estas dúas fases contarán cunha subvención que ascende a 262.5000 euros.

O orzamento para a redacción do Plan xeral da Coruña ascende a un total de 1,5 millóns de euros, cifra que está cofinanciada ao 50% pola Administración autonómica e local.



O reaxuste aprobado hoxe está xustificado polo feito de que os prazos de execución previstos no convenio e na addenda número 1 -redactada para proceder a un primeiro reaxuste das anualidades da colaboración- non se cumpriron.

A Consellería de Medio Ambiente establece unha orde de axudas dirixidas ás entidades municipais, co obxectivo de axudarlles economicamente cos traballos de redacción dos plans xerais de ordenación municipal. No caso dos concellos con máis de 50.000 habitantes, a vía de colaboración formalizárase a través dun convenio de colaboración entre a Administración galega e a entidade local beneficiada. Na actualidade, esta colaboración mantense co concellos de Coruña, Pontevedra e Ourense.

## A XUNTA FINANCIA AS OBRAS DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE ARES CON 1,3 MILLÓNS DE EUROS

- *A actuación ten un prazo de execución de seis meses*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do acordo que se establece entra a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ares para a posta en marcha dunha actuación hidráulica neste municipio coruñés.

O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará, con 1.328.264 euros, as obras de refundido da rede de saneamento e abastecemento de Chanteiro, no concello de Ares. Segundo as previsións da Consellería de Medio Ambiente, a comezos do vindeiro mes de xullo procederase á licitación destas obras. Posteriormente, abrirase o proceso de adxudicación e inicio das obras, para o que serán necesarios tres meses e medio; e a continuación 6 meses para a materialización dos traballos previstos, que rematarán no segundo semestre de 2010. Esta actuación hidráulica dará servizo a preto de 1.000 persoas do lugar de Chanteiro, no concello de Ares.

Así, a Consellería de Medio Ambiente dotará cunha rede de distribución de abastecemento e colectores de residuais a toda a zona de Chanteiro, incluíndo a parte alta, a zona costeira e o contorno do rego Pomoulo e o cámping. Esta rede de saneamento, que na actualidade non existe, estará conectada coa estación depuradora de augas residuais de Punta Avarenta, na cal xa se iniciaron os traballos de execución.

Tal e como se recolle no proxecto, a obra prevé catro colectores que se instalarán da seguinte maneira: o primeiro irá paralelo á costa; o segundo comunica o núcleo alto de Chanteiro coa zona baixa da praia, o terceiro dos colectores vai paralelo ao rego Pomoulo e recollerá as verteduras da zona baixa do seu contorno; por último, un cuarto colector conectará co xeral que entrará na futura Edar de Punta Avarenta.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PODERÁ ANTICIPAR ATA O 80% DAS AXUDAS A ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN DA INNOVACIÓN NAS EMPRESAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta deulle o visto e prace ás bases da convocatoria de subvencións para a mobilización, a dinamización e a sistematización da innovación*
- *Destínanse 1,7 millóns de euros para financiar accións que sensibilicen sobre a importancia da xestión da I+D+i ou que supoñan a implantación de sistemáticas para o aproveitamento dos recursos da innovación*

O Consello da Xunta autorizou na súa sesión de hoxe a concesión de anticipos de ata o 80% sen necesidade de presentación de garantía a favor da Xunta de Galicia na convocatoria de subvencións para a mobilización, a dinamización e a sistematización da innovación. Con esta medida extraordinaria, as entidades poderán percibir parte da subvención antes de realizar o gasto, de maneira que as actividades de I+D+i non atopen un obstáculo na situación financeira dos beneficiarios. A convocatoria supón un investimento de 1,7 millóns de euros no marco do Programa de innovación empresarial do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE) e está cofinanciada con fondos FEDER.

O obxectivo da orde é sensibilizar sobre a importancia dunha adecuada xestión da innovación e crear dinámicas e competencias que permitan tanto o óptimo aproveitamento dos recursos de innovación como o acceso a socios e colaboradores que faciliten os procesos de cambio na empresa. Foméntase o desenvolvemento dunha cultura e estrutura empresariais proclives á innovación así como a cooperación entre axentes do sistema de innovación, facendo fincapé no traballo conxunto e na transferencia de coñecemento e resultados de investigación.

As axudas teñen unha única anualidade e poden chegar ao 100% dos custos subvencionables do proxecto. Poden optar a esta convocatoria organismos de intermediación e representación empresariais e empresas consultoras especializadas en xestión da innovación. Os organismos de intermediación son aqueles que aglutinan colectivos sectoriais ou xeográficos de empresas e que, ademais dunha función de representación do colectivo, deben prestar de forma habitual servizos de apoio ás empresas e presentar un interese preferente pola innovación. En canto ás consultoras, deben demostrar experiencia no fomento de accións de articulación do sistema de innovación e ofertar servizos de consultoría en innovación.

### **Xornadas, seminarios e obradoiros**

A orde establece dúas modalidades de actuacións subvencionables. Por un lado, fináncianse xornadas, seminarios e obradoiros sobre a importancia da innovación e a súa aplicación sistemática e profesionalizada. Como orientación, as accións poden versar sobre a xeración de novos conceptos a través da creatividade, a cultura

innovadora, a observación dos cambios como base da planificación empresarial, a xestión sistemática da innovación, da aprendizaxe organizacional, do coñecemento, da tecnoloxía ou da propiedade industrial, etc. Para as xornadas e seminarios, valorarase especialmente a capacidade de convocatoria e o impacto sobre un elevado número de destinatarios. No caso dos obradoiros, darase prioridade aos que se dirixan a grupos reducidos de empresas, orientados a desenvolver accións concretas con cada empresa participante.

Nesta modalidade son gastos subvencionables os pagamentos a conferenciantes e os gastos derivados dos seus desprazamentos, o aluguer de instalacións, a dedicación de persoal propio e outros gastos, entre eles os correspondentes á difusión do evento ou á documentación para os participantes. O límite da contía é de 20.000 euros por evento ou de 100.000 euros para un programa con varios eventos.

### **Implantar metodoloxías e estruturas para a I+D+i**

A segunda modalidade impulsa accións de dinamización da innovación en colectivos empresariais de ámbito xeográfico e/ou sectorial e proxectos piloto de implantación de sistemáticas de innovación en PEMES. En particular, esta liña está destinada a implantar metodoloxías de xestión da innovación, a adecuar estruturas organizativas para a sistematización dos procesos de innovación, á creación e dinamización de grupos de traballo de I+D na empresa, a estudos de oportunidade e viabilidade económica dun proxecto de I+D+i e a auditorías tecnolóxicas e de innovación.

Considéranse gastos subvencionables por estas axudas os gastos en persoal propio ou contratado dedicado directamente ás actuacións do proxecto, os custos de asesoría, consultoría, titoría ou formación por parte de entidades externas, e outros gastos, entre eles os derivados da difusión e da edición de documentación. O importe das axudas será dun mínimo de 10.000 euros e un máximo de 100.000 euros.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINARÁ 5,25 MILLÓNS A DOTACIÓN DE UNIDADES DE I+D E INVESTIMENTOS INNOVADORES EN EMPRESAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta autorizou a concesión de anticipos de ata o 80% das subvencións, sen necesidade de que as empresas teñan que constituír garantía ante a Xunta de Galicia*
- *O obxectivo é mellorar a competitividade das empresas incrementando a súa capacidade innovadora*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a concesión de anticipos de ata o 80% das subvencións, sen necesidade de que as empresas teñan que constituír garantía a favor da Xunta de Galicia, dentro da orde que regula as bases da convocatoria de axudas para dotación de unidades de I+D+i e investimentos innovadores de empresas galegas. Estas dúas modalidades de axuda, que forman parte do Programa de innovación empresarial do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (incite), incorporan como novidade nesta edición a posibilidade de que as compañías beneficiarias reciban como anticipo e sen presentar garantías até o 80% da contía da axuda. Esta medida excepcional contribúe a que as actividades de I+D+i non supoñan un atranco para a situación financeira principalmente das empresas.

Ambas as liñas de axuda contan cun orzamento total dispoñible de 5,25 millóns de euros. O seu principal obxectivo é mellorar a competitividade das empresas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. Con esta finalidade, subvenciónanse os investimentos que permitan a diversificación da produción con novos ou mellorados produtos ou servizos ou supoñan unha transformación fundamental no proceso global de produción, incluídos os dirixidos especificamente a incrementar a capacidade tecnolóxica e innovadora da empresa. Os beneficiarios das subvencións son as empresas galegas, en dúas modalidades, en función do tipo de empresa solicitante: Innovapeme (pequenas e medianas empresas) e Innovamais (grandes empresas).

As subvencións concedidas en ambas as dúas liñas poden acadar até o 30% do custo subvencionable para as grandes empresas, o 40% para as medianas e o 50% para as empresas máis pequenas, sen superar en ningún caso os 1,5 millóns de euros. Ademais, teñen unha única anualidade e soamente se admitirán aqueles gastos realizados entre a data de presentación da solicitude e a data límite de xustificación. Ambas as liñas de axuda están cofinanciadas con fondos FEDER.

### **Adquisición de material para dotación de departamentos de I+D+i**

As axudas para a dotación de unidades de I+D+i están dirixidas a incrementar a capacidade innovadora das empresas e de agrupacións de empresas a través da

adquisición de recursos materiais específicos para desenvolver os seus proxectos de investigación e desenvolvemento, de maneira que o resultado sexa a saída ao mercado de produtos mellorados e innovadores. Preténdese que as estruturas de I+D das empresas galegas teñan a medida necesaria para a xeración de desenvolvemento tecnolóxico e liderado no mercado.

Nesta liña, considéranse custos subvencionables a adquisición de equipamento específico para o incremento da capacidade tecnolóxica (sempre que non supoña duplicidade inustificada de equipamento existente no sistema galego de innovación) e instalacións e acondicionamentos imprescindibles para o funcionamento dos equipamentos adquiridos.

Na valoración dos proxectos, a comisión terá en conta, entre outros factores, os beneficios que a dotación proporciona á empresa, as actividades de I+D+i coas calas está vinculado, a experiencia no desenvolvemento de proxectos, o impacto dos resultados obtidos e a capacidade científico-técnica do persoal responsable do novo equipamento.

#### **Impulso a novos centros produtivos**

A segunda liña desta convocatoria ten por obxecto incentivar o desenvolvemento de investimentos innovadores que incidan na capacidade competitiva das empresas. Subvencionaranse os investimentos dirixidos á creación dun novo centro produtivo ou ampliación dun xa existente para desenvolver novos produtos, diversificar a produción actual para atender novos mercados ou para levar a cabo unha transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción dun establecemento existente.

Os proxectos deben ter un custo mínimo de 300.000 euros, considerando gastos subvencionables os derivados da realización de investimentos en instalacións e maquinaria necesarios para o proxecto e a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licencias, know-how ou coñecementos técnicos non patentados. No caso de empresas que non teñan a condición de PEME, o custo subvencionable neste concepto non pode ser superior ao 50% do custo subvencionable total do proxecto.

Na avaliación da comisión de valoración, terase en conta o interese e beneficio que os investimentos proporcionan á empresa, tanto económico como respecto á diversificación e mellora da produción, o carácter innovador e emprendedor, a capacidade da empresa para desenvolver proxectos innovadores e a experiencia previa no desenvolvemento de proxectos de I+D e innovación.

## A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA FACILITA A AMPLIACIÓN DO PARQUE INDUSTRIAL DE ACEVEDO

- *Un convenio específico entre a Consellería de Economía e Industria e o “Instituto de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras” libera 4 millóns de euros para esta infraestrutura*

O Consello da Xunta vén de aprobar un convenio de colaboración específico entre a Consellería de Economía e Industria e o *Instituto de Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* polo cal se da o visto e prace á 3º fase de ampliación do Parque Industrial de Acevedo, no concello de Cerceda, na Coruña.

Este acordo para a ampliación do Parque de Acevedo está dotado con 4 millóns de euros con cargo á aplicación orzamentaria do devandito instituto mineiro. O proxecto de ampliación financiarase en dúas partidas: a primeira, de 3 millóns, en 2010; e a segunda, co millón restante, en 2011.

O convenio aprobado hoxe enmárcase no desenvolvemento do Protocolo de Colaboración do 24 de xullo de 2006, entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia, actualizado polo Acordo suplementario do 10 de maio de 2007.

Deste xeito, a Xunta, a través do departamento que dirixe Javier Guerra, quere promocionar o desenvolvemento económico alternativo nas zonas mineiras do carbón, co que se pretende acometer actuacións concretas na área das infraestruturas en Galicia.

O proxecto de ampliación do Parque Industrial de Acevedo 3ª fase en Cerceda consiste na formación de parcelas e a ampliación e urbanización das novas vías, de xeito que se dotará a este parque industrial dos servizos inherentes ás actividades que nel se desenvolverán.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE CERCEDA

- *O convenio entre a Consellería de Economía e Industria e o "Instituto de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras" está dotado con máis de 350.000 euros*

O Consello da Xunta vén de aprobar un convenio de colaboración específico entre a Consellería de Economía e Industria e o "*Instituto de Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras*" en virtude do cal se construírán novas infraestruturas deportivas no campo de fútbol "O Roxo", situado no concello de Cerceda, na Coruña.

Este acordo permitirá mellorar estas instalacións con novos vestiarios e bancadas cubertas, unhas obras que se financiarán con 369.157,94 euros, con cargo á aplicación orzamentaria do devandito instituto mineiro. O proxecto subvencionarase en dúas partidas, a primeira de 276.868,46 euros, en 2010, e a segunda con 92.289,48 euros, en 2011.

O convenio aprobado hoxe enmárcase no desenvolvemento do Protocolo de Colaboración do 24 de xullo de 2006 asinado entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia, actualizado polo Acordo suplementario do 10 de maio de 2007.

Deste xeito, a Xunta, a través do departamento que dirixe Javier Guerra quere contribuír a dotar de mellores servizos o concello de Cerceda, e facilitar o desenvolvemento socioeconómico alternativo desta localidade mineira.



## A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA ABRE A PORTA Á CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE FORMACIÓN EN CERCEDA

- *O convenio entre a Consellería de Economía e Industria e o “Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras” está dotado con 2,6 millóns*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un convenio de colaboración específico entre o *Instituto para la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* e a Consellería de Economía e Industria, en virtude do cal se construírá un Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación en Cerceda, na provincia da Coruña.

O acordo para a construción deste centro formativo está dotado con 2,6 millóns de euros, con cargo ao orzamento do instituto mineiro. Este centro financiarase en dúas partidas: a primeira, de 1.950.000 euros, en 2010; e a segunda, de 650.000, en 2011.

O convenio aprobado hoxe enmárcase no desenvolvemento do Protocolo de Colaboración do 24 de xullo de 2006, asinado entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia, e actualizado polo Acordo suplementario do 10 de maio de 2007.

Este centro contará con instalacións entre as que se inclúen laboratorios, aulas de formación, despachos e oficinas, para que as súas actividades formativas se desenvolvan nas mellores condicións.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A REPARTICIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DA INTEGRACIÓN DE PROFESORES NO CORPO DE TITULARES DE UNIVERSIDADE

- *A Galicia correspóndenlle 234.709 euros para repartir entre 558 profesores do Sistema Universitario Galego (SUG)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a repartición da subvención para o fomento da integración dos profesores titulares de escolas universitarias no corpo de profesores titulares de universidade. En total repártense 234.709,47 euros entre 558 profesores das tres universidades galegas.

Esta subvención enmárcase dentro das diversas medidas para impulsar o acceso de profesores titulares de escolas universitarias ao corpo de profesores titulares de universidade, ademais de axudar a obtención do título de doutor no caso de que non o posúan.

Para este obxectivo recollíase unha partida de 4.347.890 euros nos orzamentos xerais do Estado. A Conferencia Xeral de Política Universitaria acordou repartir esta cantidade entre as diferentes comunidades autónomas segundo o número de profesores titulares de escolas universitarias, polo que a Galicia lle corresponderon 234.709,47 euros.

Este é o mesmo criterio utilizado para repartilos entre as diferentes universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). Así, a subvención beneficia a 245 profesores da Universidade da Coruña (UDC), 186 da Universidade de Vigo (UVI) e 127 de Santiago de Compostela (USC). No referente ás cantidades, 103.053,44 euros correspóndenlle á UDC fronte a 78.236,49 euros da UVI e 53.419,44 euros da USC.

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE PONTIFICIA DE SALAMANCA ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA EDUCATIVA

- *Para que os estudantes de Psicoloxía poidan completar a súa formación en centros asistenciais do Sergas*

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade Pontificia de Salamanca consideran que a colaboración mutua, referida á transferencia e ao intercambio do coñecemento, contribúe á mellor realización das actividades propias, así como á optimización dos recursos materiais e humanos.

Para tal efecto, o Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar un convenio de colaboración entre as tres anteditas institucións, a través do cal os estudantes da licenciatura de Psicoloxía da Universidade Pontificia, matriculados na materia troncal do seu Plan de estudos denominada "Practicum", poderán completar a súa formación en centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

En virtude deste convenio, en cada centro asistencial establecerase un plan de formación específico acorde cos contidos e obxectivos do "Practicum", así como as necesidades e características organizativas do centro. Esta formación non poderá interferir, en ningún caso, co normal desenvolvemento das actividades asistenciais do centro.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ATRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS Á S.A. XACOBEO PARA A EXECUCIÓN MATERIAL DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO ANO SANTO 2010

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se atribúe á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo o exercicio das facultades para a execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 2010, que foron asignadas á Galicia por parte do *Consejo Jacobeo*. Nas facultades sinaladas inclúense, ademais das de execución dos distintos plans e programas, a emisión dos certificados en relación con estes que, de ser o caso, lle poidan corresponder á Comunidade Autónoma.

A celebración do *Ano Santo Xacobeo* ten consideración, segundo o establecido na Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o 2009, de "acontecemento de excepcional interese público" para os efectos do disposto en materia de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Así mesmo, a disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 2/2008 establece que a certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans será competencia do *Consejo Jacobeo*, da mesma forma que o desenvolvemento e concreción dos programas de actividades. A duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2010.

Polas peculiares características do evento, o *Consejo Jacobeo* decidiu na reunión celebrada o 17 de xuño de 2009 que, de acordo coas súas competencias de autoorganización, sexan as Administracións que forman parte del e as súas entidades adscritas as que efectúen a execución material dos proxectos do Ano Santo. As funcións de deseño, programación, coordinación e realización das actividades relacionadas coa promoción do vindeiro Xacobeo 2010 exerceranse en Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, segundo o establecido no artigo 3 do estatutos da dita entidade.

## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS AO FINANCIAMENTO DE CENTROS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de acordos cun total de 37 entidades*
- *Trátase da segunda achega realizada no marco de colaboración entre a Administración autonómica e as asociacións que traballan con este colectivo*
- *Estes convenios permiten atender máis de 3.200 persoas con algún tipo de discapacidade, física, psíquica ou con trastornos autistas*
- *A cantidade anual prevista para apoiar estes centros supera os 35 millóns de euros*

A Consellería de Traballo e Benestar financiará con 12,1 millóns de euros un total de 37 entidades sociais para contribuír ao mantemento dos centros ocupacionais, residenciais ou asistenciais que teñen estas asociacións para persoas con discapacidade.

Esta partida, a segunda que se concede no que vai de ano, executarase a través dos distintos convenios de colaboración aprobados hoxe no Consello da Xunta e que beneficiarán a máis de 3.200 persoas. A través desta colaboración, o Goberno galego tenta garantir unha atención ás persoas afectadas por algún tipo de discapacidade, física, psíquica ou con trastornos de autismo.

Esta colaboración está baseada no financiamento de prazas nos devanditos centros, así como a subvención a programas de atención a este colectivo. Neste punto hai que subliñar que ata o momento esta colaboración se facía a través de convenios, aspecto que se vai modificar a partir de novembro, cando se estableza un sistema de contratación con estes centros. Este paso permitirá unha mellora no pagamento dalgunhas das prazas concertadas, sobre todas aquelas destinadas a persoas "gravemente afectadas" por algún tipo de discapacidade.

Ademais desta melloría na cantidade que se aboa a estas entidades, a entrada do novo sistema traerá ademais unha pequena ampliación no número de prazas concertadas ofrecidas por estas asociacións sen ánimo de lucro.

Durante o ano 2009, e a través deste marco de cooperación, estes centros recibirán unha cantidade superior aos 35 millóns de euros.

Polo que respecta ás achegas aprobadas hoxe, Pontevedra será a provincia que reciba a maior cantidade, xa que os centros situados nesa provincia obterán 5,8 millóns de euros, que terán como destinatarias un total de catorce entidades, que ofrecen arredor de mil prazas nalgunha das súas instalacións.

Na Coruña, existen acordos con once asociacións, ás que se financiará con 3,8 millóns de euros, cantidade que permitirá concertar un total de 1.350 prazas.

Pola súa banda, en Lugo a oferta é de 568 prazas, que contarán cun apoio de 1,7 millóns de euros, que xestionarán un total de dez entidades prestadoras de servizos sociais, mentres que en Ourense se financiarán 268 prazas, para o que se destinan un total de 665.492 euros.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU A SINATURA DUN CONVENIO ENTRE O INGACAL E DIFERENTES ENTIDADES DE ESPAÑA, PORTUGAL E FRANCIA, PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NA VITICULTURA

- *O Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), dependente da Consellería do Medio Rural, é o xefe de fila do proxecto Winetech, dentro da iniciativa Interreg IV-B, que busca fomentar o I+D+i nesta materia*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura dun convenio por parte da Consellería do Medio Rural, a través do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL), con diferentes organismos públicos, entidades e institucións académicas de Galicia, La Rioja, Castela León e Castilla La Mancha, así como de Francia e Portugal, para o impulso do proxecto *“Winetech, novas tecnoloxías en viticultura e elaboración de viño”*, presentado no marco do Programa de cooperación territorial europea Interreg IV-B.

En virtude deste acordo, o INGACAL realizará unha contribución financeira de 51.450 euros, en tres anualidades, para a execución desta iniciativa, que busca fomentar a innovación e transferencia tecnolóxica en materia de viticultura. O programa pretende poñer en relación a oferta de servizos en materia de investigación e desenvolvemento no eido do viño coas demandas que xurdan dende produtores e adegueiros, en relación co I+D+i. O INGACAL é o beneficiario principal e xefe de fila deste proxecto.

### **Entidades asinantes**

As entidades coas que o INGACAL subscribirá este convenio son a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga); a Cámara de Comercio, a *Fundación da Universidade* e a *Dirección Xeral de Calidade e Investigación Agroalimentaria* de La Rioja; a *Fundación Xeral da Universidade de León y da Empresa* (FGULEM); a Universidade e a Unión de Cooperativas Agrarias de Castilla la Mancha, a Agência de Desenvolvemento Regional do Alentejo e a União de Associações Empresariais da Região Norte (ambas de Portugal) e os institutos *National de la Recherche Agronomique* e *Coopératif du Vin* (os dous de Francia).

## A XUNTA APROBA UN INCREMENTO ORZAMENTARIO DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA REFORZAR O PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *Estes fondos cubrirán a dotación de 38 brigadas máis, para o período de maior risco de lumes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de gasto correspondente ao incremento en 2.080.097,05 euros do orzamento destinado ao Plan de prevención de incendios forestais de Galicia (Pladiga 2009).

Este aumento responde á necesidade de reforzar este plan coa incorporación de 38 brigadas máis no período de maior risco de lumes.

O Pladiga 2009 foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 18 de xuño, e ten por obxecto, segundo recolle nos seus fundamentos, “o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos” previstos por diversas administracións públicas e entidades privadas para a loita contra o lume nos montes.

### **Prioridades**

O obxectivo dos medios recollidos no Pladiga 2009 “é extremar o esforzo e priorizar as accións para que nos incendios o lume non se achegue, por esta orde de prioridade, aos núcleos de poboación e aos espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Naturais; e non ameace as persoas, os seus bens e as infraestruturas vitais, nin os ecosistemas, sobre todo os máis vulnerables ante o lume, os hábitats naturais, sobre todo os prioritarios”.